

INFORME XURÍDICO

| | |
|----------------------|--|
| UNIDADE SOLICITANTE: | SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR |
| DATA DA SOLICITUDE: | 26 DE OUTUBRO DE 2016. |
| ASUNTO: | PROPOSTA DE PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTERPRETACIÓN DA LINGUAXE DE SIGNOS |

Vista a proposta de prórroga da contratación administrativa de servizos para a prestación do servizo de interpretación da linguaxe de signos, efectuada polo Servizo de Persoal e Réxime Interior con data 26 de outubro de 2016, e que se une ao presente informe.

Tendo en conta que tanto na cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas desa contratación, coma no contrato formalizado entre o Parlamento de Galicia e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia con data 10 de decembro de 2015, está prevista a posibilidade de que o contrato poida ser prorrogado pola Mesa do Parlamento ata un máximo dun ano máis, infórmase que a referida proposta axústase á legalidade vixente, debendo constar no expediente as razóns de interese público que determinan a conveniencia e necesidade de efectuar tal prórroga.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2016

Proposta de prórroga do contrato administrativo para a prestación do servizo de interpretación da linguaxe de signos

O 20 de outubro de 2016 a Federación de asociacións de persoas xordas de Galicia (FAXPG) presentou escrito no Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia (registro núm. 314) solicitando a prórroga do contrato do servizo para a interpretación da linguaxe de signos no Parlamento de Galicia asinado con data de 10 de decembro de 2015.

A posibilidade da prórroga preveuse expresamente no prego de cláusulas administrativas desta contratación e tívose no seu momento en conta para a elección do procedemento de adxudicación.

A cláusula terceira do contrato prevé que a súa vixencia poderá ser prorrogada polo tempo que acorde a Mesa do Parlamento ata un máximo de outro ano máis.

Dado que a prestación obxecto do contrato se esta realizando pola empresa FAXPG, SL con corrección e normalidade e seguen vixentes tanto a necesidade que se pretendía cubrir co contrato como as razóns de interese público que xustificaron o inicio dese expediente de contratación, propónse á Mesa do Parlamento de Galicia a adopción do seguinte Acordo:

- Autorizar a prórroga do contrato para a prestación do servizo de interpretación da linguaxe de signos no Parlamento de Galicia, asinado coa Federación de asociacións de persoas xordas de Galicia, ata o 9 de decembro de 2017.

Santiago de Compostela 26 de outubro de 2016.

O xefe do servizo



F. Javier Freire González



Vº e prace
O Letrado Oficial Maior
Xosé Antón Sarmiento Méndez



MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA